



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

QUE ACONTECEU NO MUNDO ENTRE 1915 E 1985?



A ARTE NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

A FILOSOFÍA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

A CIENCIA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

ACONTECEU EN FRANCIA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O DEPORTE NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

A MÚSICA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



A ARTE NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Que movemento artístico, nado en Holanda no 1917, estaba baseado nun proceso de abstracción progresiva tal que as formas vanse reducindo a liñas rectas horizontais e verticais, negras, brancas e grises, xunto coas tres cores primarias?	En Galicia en 1926 esculpiuse o “Monumento a San Francisco Santiago”. Quen foi o escultor?	Que tipo de arte é “Merda de artista” presentado por Piero Manzini no 1961?
En que ano pintou Dalí o primeiro cadro surrealista. Busca o título desta obra. Cales son as características principais deste movemento artístico.	Que cadro pinta Picasso en Francia en 1937? Que outros cadros coñeces cunha temática semellante?	Como se chama o museo fundado en Sada (A Coruña) en 1970?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



En que ano edita Castelao o álbum <i>Nós</i> ? Cal é a temática e a orixe destas estampas?	Cal é o nome da revista fundada en 1954 por poetas e artistas vangardistas como Urbano Lugrís e Xosé María Labra?	En que ano se comeza a construción da Pirámide do Louvre? Quen a mandou facer?
En 1930 personaxes como Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Souto... forman un grupo, como se denomina? Un deles destacou polos seus gravados e tamén como pintor de murais, de quen se trata?	En 1956 comeza a construírse o “Museo Guggenheim”. Quen foi o seu construtor? En que cidade?	Que outro feito histórico importantísimo aconteceu nese mesmo ano en Europa?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



A FILOSOFÍA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Thomas S.Kuhn foi profesor na universidade de Princeton. Cal é a obra máis importante deste autor norteamericano?	Qué teoría foi elaborada e exposta por Bertrand Russel en diversas conferencias citadas en 1918?	Gilbert Ryle escribiu o ensaio <i>Expresións sistemáticamente equivocadas</i> (1932). Que interpretación fixo da filosofía neste ensaio?
K. Popper (1902–1994). Preocupado pola temática da filosofía da ciencia propuxo un principio. En que consiste?	Quen foi o autor das obras: <i>Escritos filosóficos</i> (1961), <i>Sentido e Percepción</i> (1962) e <i>Como facer cousas con palabras</i> (1962)?	A que escola pertencen os seguintes filósofos: M.Morkheimer, T.W. Adorno, H. Marcuse, E. Fromm, W. Benjamin, J. Habermas, A. Schmitt centrados entorno á crítica da sociedade industrial, tecnocrática e “unidimensional” así como o marxismo dogmático?
Jürgen Habermas publica en 1963 <i>Teoría e Praxe</i> . Que problema aborda o libro?	En 1924 Ortega y Gasset fai unha crítica ao vitalismo e ao racionalismo nun artigo dunha revista. Como se chama esta revista?	



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)
O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



A CIENCIA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



En 1985 inaugúrase a TVG, a súa primeira emisión foi unha curtametraxe de Chano Piñeiro, cal é o título desa famosa curtametraxe?	En 1967 China fixo estoupar por primeira vez unha potente bomba, que tipo de bomba era?	O 4 de xullo de 1934 morre Marie Curie, gran científica que destacou polos seus estudos sobre a radioactividade, foi unha das poucas persoas que recibiu dous Premios Nóbel e en dúas categorías distintas, investiga en que anos e en que categorías conseguiu os Premios Nóbel.
José Comas y Solá descubriu en 1915 o asteroide (804), con que nome é coñecido?	En 1936 nace na Unión Soviética o primeiro astronauta da historia, cal era o seu nome?	En 1929 Alexander Fleming fai un importante descubrimento, de que se trata?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



En 1934 un importante inventor español sobrevoa por primeira vez Madrid no seu autoxiro, cal é o nome deste célebre personaxe?	En 1967 o doutor Christiaan Barnard realiza o primeiro transplante de corazón, en que país tivo lugar esta importante operación?	En 1950 créase a primeira computadora comercial en Estados Unidos. Investiga como se denominou a este aparello e o nome dos seus deseñadores?
En que ano Paul Berg modificou por primeira vez un virus xeneticamente? Este científico recibiu un importante premio, cal?	Irène Joliot-Curie, filla de Pierre Curie e de Marie Curie, recibiu xunto co seu home Jean Frédéric Joliot-Curie, o Premio Nóbel de Química. En que ano o recibiron? Que importante descubrimento realizaron?	O 18 de outubro de 1985 morre un gran científico español que recibiu o Premio Nóbel de Medicina no ano 1906, cal é o seu nome?
En 1969 tres valentes homes viaxan por primeira vez á lúa, quen foron?	Cando formulou G. Gamow a súa teoría do Big Bang?	



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



ACONTECEU EN FRANCIA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Que nome recibía o primeiro e máis antigo dos xornais franceses fundado en 1631 e desaparecido no ano do nacemento de Álvarez Blázquez?	Que nome recibiu a contenda que tivo lugar entre o 3 de setembro de 1939 e o 10 de maio de 1940 entre Francia e Reino Unido por unha banda e Alemaña por outra?	Como se chamaba o cantante do grupo <i>The Doors</i> que faleceu no seu apartamento de París o 3 de xullo de 1971?
Que gran escritor e crítico de arte francés acuñou a palabra " <i>surréalisme</i> " en 1917?	Que rei foi asasinado o 9 de outubro de 1934 en Marsella?	Como se chama a revista que fundou <i>Jean-Paul Satre</i> no ano 1945?
Por que se manifestaron os estudantes franceses no Arco de Triunfo de París o 11 de novembro de 1940?	En 1969 o premio Nóbel da paz foille outorgado a René Cassin, xurista e diplomático francés; pero, por que?	O 9 de outubro de 1981 unha lei aboliu definitivamente unha terrible e inhumana sanción en Francia; cal?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)
O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Que acontecemento importante tivo lugar o 28 de xuño de 1919 en Francia?	Que xornal foi publicado por primeira vez en Francia o 18 de abril de 1973?	Quen foi a primeira muller en ser incorporada á Academia Francesa en 1980?
Que representativo edificio foi inaugurado o 31 de xaneiro de 1977 na rúa <i>Beaubourg</i> de París?	Que “pequeno” dicionario de lingua francesa se publicou por primeira vez no ano 1967?	A que nos referimos cando falamos de <i>maio do 68</i> ? Que pasou entón en París?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)
O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



O DEPORTE NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Quen gañou a medalla de ouro en sláalom masculino nos Xogos Olímpicos de inverno que tiveron lugar en Sapporo no ano 1972?	Quen foron os gañadores nos Xogos Olímpicos de Verán de Vela na clase 470 Masculina que tiveron lugar en Moscova no ano 1980?	En que modalidade gañou España a súa primeira medalla de ouro no gran Premio das Nacións, celebrado en Amsterdam en 1928?
Que futbolista galego, nado na Coruña en 1935 recibiu o Balón de Ouro en 1960 cando era xogador do F.C. Barcelona?	Que premio obtiveron José Luis Doreste e Roberto Molina Carrasco nas Olimpíadas de 1984?	En 1964 nace en Villava (Navarra) un gran ciclista español gañador de 5 Tours de Francia, de quen falamos?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)
O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Cantos títulos obtivo Angel Nieto nos seus case vinte anos de carreira deportiva?	Cantas medallas gañou España nas Olimpíadas de 1984 en Os Ánxeles?	En que ano foi admitida como especialidade olímpica o piragüismo?
Que atleta naceu no ano 1961? Con que nome era coñecido?	Que país foi gañador na Copa Mundial de fútbol española no ano 1982?	Que ciclista galego gañou a Volta a España no ano 1986?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



A MÚSICA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



En 1975 sae un disco “El Patio” que vai revolucionar o rock chamado <i>con raíces</i> , a medio camiño entre a guitarra flamenca e o rock ó uso dos Kim Crimson. Saberías de que grupo é?	No ano da morte de A. Schoenberg aparece unha nova xeración musical en España integrada por outro membro da familia Halfter, cal é o seu nome?	Do 15 ó 18 de agosto de 1969 tivo lugar en Bethel (Estados Unidos) un concerto de música rock que constitúe o paroxismo da música hippy dos anos 1960 e que acolleu 450 000 espectadores. De que concerto se trata?
No ano 1963 aparece en Inglaterra un grupo de rock que se considera oposto a The Beatles, como se chama?	Que movemento musical e cultural xorde en Inglaterra no mesmo ano en que morreu Elvis Presley?	Cal é o título da canción do grupo “Bill Haley & the comets” do ano 1954 que se considera a primeira peza de Rock & Roll?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Como se denominaba o grupo co que xorde o neoclasicismo en Francia no ano 1918?	No ano 1923 iníciase a corrente dodecafónica, cal é o seu máximo representante?	De que ano é a xeración musical integrada polos irmáns Ernesto e Rodolfo Halfter?
Como se chamaba o compoñente de The Beatles asasinado no ano 1980?	Que obra estrea Manuel de Falla no ano 1915?	Que músico compositor de “El sombrero de tres picos” morreu en Arxentina no ano 1946?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



A HISTORIA NA ÉPOCA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



No ano de remate da 2ª Guerra Mundial fúndase unha organización de carácter internacional que segue vixente hoxe. Como se chama? Por que outros organismos está integrada e a que se dedican estes?	Cuba cambia o seu réxime político no ano en naceu un grupo terrorista en España? Explica brevemente que proceso levou a tal cambio político en Cuba. De que grupo terrorista estamos a falar?	A finais da década dos 40 nace unha organización de carácter militar de alcance internacional. Que países a integraron inicialmente e cales outros se foron incorporando con posterioridade?
En 1973 morreu nun atentado de E.T.A o presidente do goberno, almirante Carrero Blanco, que importante crise económica ten lugar no resto do mundo?	En 1975 unha antiga colonia española é cedida a Marrocos e Mauritania. De que país estamos a falar?	En 1975 prodúcese o fin do franquismo e o proceso de cambio cara un novo réxime político en España. Sabes como se produciu ese proceso?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)

O TRIVIAL DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



Das primeiras eleccións ó Parlamento de Galicia sae un goberno en coalición. Que partidos integraban esa coalición? Quen foi nomeado presidente?	No ano 1939 finalizou a Guerra Civil e iniciouse o franquismo, que feito ocorreu en Europa e no resto do mundo ó mesmo tempo?	O ano en que se fundou en Galicia un partido político de esquerdas, foi asasinado un presidente norteamericano. De que falamos?
No ano de aprobación da Constitución española, constitúese a Xunta Preautonómica en Galicia. Quen foi o seu presidente?	Que irmandade apareceu en Galicia coincidindo no tempo co nomeamento de Mussolini como primeiro ministro en Italia?	Cal é o significado das siglas C.E.E? En que ano se fundou e que países a integraron inicialmente e cales hai hoxe?
Xusto antes do inicio da Guerra Civil española aprobouse en Galicia un importante texto lexislativo. Cal foi?	No ano da Gran Depresión, fundouse en Galicia a ORGA. Que significan esas siglas e en que ano foi?	Que aconteceu en 1930 para que se volvese á monarquía constitucional de Afonso XIII?
En que consistiu o Plan Marshall? Cando se desenvolveu? Como influíu en España?	Con que índice de participación se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?	Con que país relacionas a Mao-Tsé-Tung? Que réxime político implantou?
Que importante acontecemento tivo lugar en Alemaña no ano 1933?	No ano 1983 que documento lexislativo se aprobou en Galicia?	